



POR UN XOGO IGUALITARIO E NON VIOLENTO

CAMPAÑA DE ADQUISICIÓN E USO DE XOGOS E XOGUETES
NON SEXISTAS E NON VIOLENTOS



 **DEPUTACIÓN**
PONTEVEDRA





HOLLYWOOD

PRODUCTION_____

DIRECTOR_____

CAMERA_____

DATE_____

SCENE_____

TAKE_____

A igualdade entre mulleres e homes constitúe unha das principais liñas estratéxicas deste mandato na Deputación de Pontevedra. Por iso, coa inminente chegada das compras do Nadal, cremos que é o momento idóneo para invitar á reflexión sobre a adquisición de xogos, xoguets, libros ou videoxogos e agasallos que mercamos para as nosas cativas e cativos.

A través deles as nenas e os nenos poden imaxinar o seu futuro; un mundo no que todas as persoas son capaces de desempeñar distintas profesións e gozar do coidado da súa familia, independentemente de que sexan mulleres ou homes.

Non se trata de forzalos a xogar cos xoguets que non lles gustan, pero tampouco impedirllas facelo con aqueles atribuídos pola sociedade ao outro sexo. Existen estereotipos que impiden o desenvolvemento das súas capacidades e habilidades que non se corresponden coa realidade. Cunha boa elección axudaremos a **desmontar mitos** coma o de que as nenas son máis sensibles e os nenos máis áxiles e fortes.

Ademais de seleccionar os xoguets atendendo a súa idade, temos que ler devagar as etiquetas coas indicacións de seguridade, montaxe e uso para comprobar o seu funcionamento antes de poñelos nas súas mans, así como as homologacións pertinentes e que estes sexan respectuosos co medio. Con todo, debemos ter en conta outros aspectos se o que queremos facer é unha boa adquisición.

A publicidade e a sociedade márcannos a imaxe e o emprego que deben ter os xoguets infantís. Moitas veces **estes estereotipos non reflicten a nosa realidade**. Na nosa man está o cambio. Aínda que non poidamos controlar a utilización destes xoguets polo resto da sociedade nin as mensaxes publicitarias si somos responsables da educación das nosas rapazas e rapaces. Esta educación é a ferramenta que nos axudará a dar un xiro e conseguir o cambio tan ansiado no pensamento colectivo. Compartamos imaxinación e tempo de xogo; o noso afecto, atención e apoio é o que máis desexan.



DECÁLOGO

I

NENAS = NENOS

O xogo debe ser libre e espontáneo. Non existen xoguets de nenas ou de nenos. Evitemos transmitir esa idea.

2

ROSA E AZUL

Non hai cores de nenas
nin cores de nenos. Só
son etiquetas sociais que
limitan a creatividade.



3

SOMOS IGUAIS DESDE A DIFERENZA

Intenta elixir xoguetes que reflectan a diversidade de cada persoa.




4

EDUQUEMOS XOGANDO

Escolle con acerto, tendo en conta que sexan xoguetes seguros, adaptados ao nivel de madurez da persoa e libres de prexuizos sexistas, racistas e xenófobos.



A photograph of three children jumping rope on a paved playground. The children are in motion, creating a slight blur. The girl in the background wears a pink dress. The boy in the middle wears a red sweater. The boy in the foreground wears a white shirt and dark pants. The ground is marked with green and orange hopscotch grids, some containing numbers and letters. The scene is brightly lit, suggesting a sunny day.

5

QUEREMOS UN MUNDO LIBRE E IGUALITARIO

Elixe xoguetes que faciliten a cooperación entre as nenas e os nenos, compartindo espazos tanto públicos coma domésticos.

6

REGALA XOGUETES QUE AXUDEN A PROMOVER
TODAS AS CAPACIDADES E HABILIDADES PERSOAIS

Posibilitando tanto o xogo tranquilo
coma o que requira actividade física.



7

O IMPORTANTE É PARTICIPAR

Procura que os xogos e xoguetes favorezan a axuda e a cooperación entre iguais e non a rivalidade.





8

NON Á VIOLENCIA

Evita xogos, xoguetes e videoxogos que potencien a violencia. Así educarás para resolver problemas de forma positiva, construtiva e creativa.

TODAS E TODOS PRESENTES

Busca libros, xogos, videoxogos e xoguetes nos que se nomeen e estean presentes as nenas e os nenos.



DIVIRTÁMONOS

Elixes xoguetes que sexan divertidos, estimulen a curiosidade e o interese por investigar e descubrir. Comparte imaxinación e tempo con elas e eles; o teu afecto e apoio é o que máis desexan.



